

# Unidade Pastoral de Os Cotos

23/05/2020

Co comezo da fase 2 da desescalada no estado de alarma, e sendo menores as restricións que as que agora temos, pensamos que xa **é o momento para ir normalizando un pouco a nosa vida con respecto ás celebracións, por iso, a partires do próximo fin de semana, 30 e 31 de maio, comezaremos as celebracións litúrxicas dominicais nos templos**, pero tendo en conta as medidas postas polas autoridades sanitarias, xa que os templos deben ser espazos seguros para protexer a saúde das persoas. Por iso:

- Soamente se admite a metade do aforo do templo
- Distancia mínima de 1´5 metros
- Uso de mascarilla obrigatorio para todas as persoas
- Tarefas de desinfección despois de cada celebración se o intervalo entre misas é inferior a 72 horas
- Dispensadores de xeles hidroalcohólicos na entrada e na saída.
- Sinalizar os asentos que se poden utilizar, e notificar o aforo máximo
- Evitar agrupacións en accesos e inmediacións ao templo.

Teñamos en conta tamén, por responsabilidade e coherencia, que:

- A maioría das persoas que asisten aos actos de culto son maiores e de risco, e **os mesmos protocolos sanitarios e consellos da Conferencia Episcopal e diocesanos din que os maiores de 70 anos ou con certas enfermidades se queden nas súas casas.**
- Os nosos templos son pequenos. Ao reducir á súa capacidade á metade e ao ter que respectar as distancias sabemos que **non poderá entrar ninguén máis ao ter completo o seu aforo.** Sentímolo pero hai que cumprir as normas, e gardar as distancias, tendo tamén en conta que, a día de hoxe, tampouco se permite que haxa persoas no exterior do templo.

**Respecto das festas este ano**, como xa dixemos, non se poderán facer coma nos anos pasados. Non nos involucramos na dimensión civil das festas, aquí só facemos referencia aos aspectos relixiosos. **Intentaremos ver a mellor maneira de poder celebrar unha misa para honrar ao patrón seguindo os mesmos requisitos e normativas que nas celebracións dominicais.**

A día de hoxe, hai moitas máis restricións que afectan a cousas que xiran arredor destes encontros parroquiais e festivos, como por exemplo novenas, procesións, organista, flores, ...

Írase comunicando calquera modificación que se faga preciso aclarar considerando que o máis importante neste momento para todos nós é a saúde e o ben de todas as persoas que formamos parte da Unidade Pastoral de Os Cotos.

No caso de que teña que haber algún enterro farase nas mellores condicións posibles e en diálogo coa familia.

Agradecemos o esforzo e a comprensión de todas as comisións de festas destas nosas parroquias.

Os párrocos, a día 22 de maio do 2020

# NOTA SOBRE AS FESTAS EN OS COTOS 2020

25/4/2020

A día de hoxe, 25 de abril do 2020, ante a situación que estamos a vivir vémonos na obriga de tomar decisións que afectan ás festas que temos nas parroquias nos días de verán.

Pola presente facemos saber que:

## CIVILMENTE

NON PODEMOS TOMAR DECISIÓNS SOBRE O QUE AFECTA ÁS FESTAS EN SENTIDO CIVÍL (orquestras, foguetes, pasarrúas, negocios ...), NON NOS CORRESPONDE A NÓS TALES DECISIÓNS, E SI LLE CORRESPONDEN EXCLUSIVAMENTE AOS VECIÑOS E ÁS COMISIÓNS DE FESTAS.

A nosa opinión, e consello, é que poñamos sempre e en primeiro lugar as cuestións de saúde dos veciños, e tamén das parroquias dos arredores, pois aínda rematado o confinamento, haberá que manter hábitos axeitados, e cremos que non é o mellor ter encontros comunitarios coa excusa das festas. É a nosa opinión persoal.

## RELIXIOSAMENTE

**A DÍA DE HOXE NON PODEMOS COMPROMETERNOS A TER AS CELEBRACIÓNS RELIXIOSAS RELACIONADAS COAS FESTAS. TENDO EN CONTA O QUE ESTAMOS A VIVIR, E POR RESPONSABILIDADE, SUSPENDEMOS TODOS OS ACTOS RELIXIOSOS (novenas e misas) RELACIONADOS COAS FESTAS QUE AO LONGO DOS MESES DE VERÁN TEMOS NAS PARROQUIAS.**

Sempre foron encontros máis ou menos grandes en número de xentes, e sobre todo xente maior, a que sabemos que son persoas máis en risco de contaxio do coronavirus COVID -19.

Entendemos que aínda que se levante algo o confinamento que estamos a vivir, iso non implica que poidamos ter eses encontros nas nosas igrexas con motivos das novenas e das festas. É responsabilidade de todos poñer primeiro e por enriba de todo a saúde, tanto propia, coma dos veciños e veciñas da comunidade, como a das parroquias dos arredores.

As festas afectadas nesta decisión tomada a día de hoxe, 25 de abril do 2020, inclúen, por suposto, a FESTA DE OS COTOS que estabamos tendo todos os anos no merendeiro de Ventín.

UNICAMENTE, SE CAMBIARAN MOITO AS COUSAS, PODERÍANSE TOMAR OUTRAS DECISIÓNS.

Feito polos párrocos da Unidade Pastoral de Os Cotos, Andrés e Gonzalo, en Fornelos, a 25 de abril do ano 2020.